



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Número 118 / 2023**

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.**

Na Coruña, a 28 de decembro de 2023 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, Don Gustavo Adolfo Chacartegui Pérez-Castrillón, Patrón Maior da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.

Que a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.. CIF G-15035116, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Exaltación da vieira da ría durante a festa da virxe de "A Parrocheira" en ferrol os días 8, 9 e 10 de setembro de 2023".

#### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
SUMINISTRO DE VIEIRAS 1.500 KG	7.755,00 €
SERVIZOS ENVICESRADO CENTRO AUTORIZADO	4.950,00 €
OUTROS PRODUTOS ALIMENTACIÓN	1.100,00 €
PUBLICIDADE: Cartelería, banderolas, camisetas, gorral manteis, mandis bolsas...	4.235,00 €
Profesionais externos, deseño, organización evento, vixiancia, luz agua:	
SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL	175,00 €
OUTROS SERVIZOS EXTERNOS	1.815,00 €
<b>TOTAL IVE INCLUIDO</b>	<b>20.030,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **14.180,00**, o que representa unha porcentaxe de 70.79381 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/415/481**, na que está supeditado á existencia de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.,deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvenionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL..

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., unha vez que presenten a seguinte documentación:

1º .- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o segundo semestre.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados durante o segundo semestre, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe

constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financeiro da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

3.- Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de decembro de 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de maio do ano 2024**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.

2. A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2024**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 22 de decembro de 2023

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

<b>O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	<b>O PATRÓN MAIOR DA CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL</b>
<b>Asdo.: Valentín González Formoso</b>	<b>Asdo.: Gustavo Adolfo Chacartegui Pérez-Castrillón</b>
<b>A Secretaria Xera da Deputación Provincial da Coruña</b>	
<b>Asdo.: Amparo Taboada Gil</b>	